



AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO

Grao en Historia

Curso Académico: 2016-2017

- Datos da universidade e do título obxecto do seguimento
- Cumprimento do proxecto establecido
 - Dimensión 1. A xestión do título
 - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
 - Criterio 2. Información e transparencia
 - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
 - Dimensión 2. Recursos humanos
 - Criterio 4. Recursos Humanos
 - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
 - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
 - Criterio 6. Resultados da aprendizaxe
 - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
- Listaxe de evidencias e indicadores
- Modificacións do plan de estudos
- Plan de Melloras

<u>1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO</u>	
Denominación do título	Grao en Historia
Mencións/Especialidades	-----
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	-----
Centro responsable	Facultade de Xeografía e Historia
Centro/s onde se imparte	Facultade de Xeografía e Historia
Rama de coñecemento	Artes e Humanidades
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	-----
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2009/2010
Data acreditación ex ante (verificación)	22/06/2009
Data renovación acreditación	11/03/2015

CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os datos revelan que o título de Historia mantivo o seu interese académico no curso 2015-2016, o cal se xustifica pola súa condición de título único en Galicia. De feito, trátase dun grao moi ben asentado na rexión, por canto capta alumnos das catro provincias, tal e como mostra o indicador 2501097_INF.CIUG_2016-2017. Ademais, o grao tamén logrou manter o interese do alumnado, xa que dende que se implantou, oferta 100 prazas por curso e todas as prazas foron cubertas na primeira matrícula dende o curso 2011-2012 ata o curso 2016-2017 (indicador IN01G-PC-05).

A evolución xeral da matrícula é positiva, pasando dos 320 alumnos do curso 2011-2012 ós 460 do curso 2016-2017. Nos últimos catro cursos tivo niveis de matrícula superiores ós 430 alumnos, con lixeiras variacións duns anos a outros. Así, o máximo de matriculados alcanzouse no curso 2015-2016, con 470 matriculados, sendo o curso 2016-2017 o segundo mellor da serie histórica (Indicador INO2G-05). Ademais, os alumnos que se matriculan por primeira vez proceden directamente das PAAU (99 sobre 103 en 2016-2017, mentras en 2015-2016 foron 103 sobre 110). De feito, en 2016-2017 solo 1 alumno procedeu da Formación Profesional, o que indica que é un título cunha demanda ben asentada (indicador IN03G-PC-05).

Se consideramos a matrícula de novo ingreso por preinscripción, o título rexistra unha evolución positiva, con pequenos cambios de ano en ano. A cifra de estudantes sempre estivo por encima dos 103, cifra acadada no curso 2016-2017, e que supón unha lixeira desaceleración con respecto ó curso anterior (pasouse dos 106 alumnos de 2015-2016 ós 103 de 2016 según o indicador INO4G-PC-05). A razón deste pequeno cambio sería o incremento da nota media de acceso por preinscripción, que en 2013-2014 estaba en 8,12, en 2014-15 en 8,31, en 2015-16 en 8,78 e actualmente en 9,06. Trátase da nota de corte máis alta de toda a serie histórica, o que demostra que é unha carreira atractiva para o alumnado (IN06G-PC-05). Esa tendencia vese reforzada pola porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a 6: en 2013-2014 era do 87%, en 2014-2015 do 98,15%, en 2015-2016 do 100% e no curso actual mantense no 100% (Indicador IN07G-PC-05).

As boas cifras de matrícula corrobóranse analizando a relación de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas: a tendencia xeral é positiva, e dende o curso 2011-2012 sempre estivo por encima de 80. No curso 2016-2017 estivo en 88, o que supón unha lixeira baixada con respecto ó curso 2015-2016, cando foi de 97 (IN10G-PC-05). Trátase dunha incidencia corrixida a efectos de matrícula coas preinscripcións en segunda e terceira opción.

Pola súa banda, a porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados mantense no curso 2016-2017 con respecto ó curso anterior (0,43%), tras rexistrar unha evolución fluctuante, aínda que sempre positiva dende 2011-2012, cando era do 0%. (IN08G-PC-05). No caso da porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados, a situación é bastante estable entre 2011-12, cando era do 0,94%, e o curso 2016-2017, onde foi do 0,87%. A porcentaxe máxima estivo no 1,59% do curso 2013-2014 e dende entón a porcentaxe foi baixando lentamente (IN09G-PC-05). Unha situación que estaría relacionada co feito de que os alumnos galegos entran con notas de corte cada vez máis altas, e ocupan as prazas dispoñibles.

Finalmente, a taxa de ocupación mostra unha situación xeral positiva, sempre por encima dos 100 alumnos. No curso 2016-2017 estivo en 103, o que supón un lixeiro descenso con relación ó curso 2015-2016, cando era de 106, aínda que este dato non altera sustancialmente a afirmación de partida (IN12G-PC-05).

A adecuación do título de Historia ós escenarios profesionais reforzase mediante a realización de prácticas en empresas e institucións. Neste apartado a porcentaxe de egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos fixo prácticas estivo dende o curso 2012-2013 sempre por encima do 65%, porcentaxe que se mantén no curso 2016-2017, aínda que esto supuxo unha baixada de 10 puntos sobre a porcentaxe do curso anterior, cando fora do 75,61%. Posto que a satisfacción dos

estudantes coas prácticas externas mellorou nos últimos anos, pasando do 3,73 do curso 2013-14 ó 4,18 do 2014-2015, ó 4,29 do 2015-2016 ao 4,39 do curso 2016-2017, pode afirmarse que a xestión das prácticas externas é adecuada e o descenso do número de alumnos responde a razóns alleas ó propio título.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso 2016-2017 non se fixeron cambios na oferta de módulos nin de materias. A titulación baséase nun sistema de créditos ECTS, no que o alumno para terminar os estudos debe realizar un total de 240 créditos, divididos en catro anos, nos que pode realizar os seus estudos a tempo completo ou a tempo parcial. Trátase dun sistema de ensino que ten un dos puntos fortes na presencialidade do alumno.

(Fonte: <http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/titulacions.html?plan=12651&estudio=12652&codEstudio=12253&valor=9>).

Pola súa parte, o desenvolvemento das actividades académicas correspóndese co establecido na memoria de verificación, na que se indica que as asignaturas do grao de Historia son 45, mais o Traballo Fin de Grao. Destas asignaturas, 10 son de formación básica e están organizadas en dous apartados (Coñecementos transdisciplinares e Teoría e Procedementos analíticos da Historia). Ademais, o título conta con 24 asignaturas obrigatorias, centradas en dúas orientacións (Coñecemento xeral da Historia e Teoría e Procedementos analíticos da Historia). Finalmente, dispón de 11 asignaturas optativas, organizadas en dous itinerarios: Economía, sociedade e institucións e Cultura, ideoloxía e institucións.

(Fonte: <http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/programas.html?plan=12651>).

O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas, tendo en conta que a media de alumnos por grupos de teoría estase reducindo nos últimos anos, xa que no curso 2016-2017 estivo nunha media de 57,60 fronte a media de 60,20 do curso 2015-2016 e os 64,44 do curso 2014-2015 (IN31G-PS-01). Esta evolución positiva vese reforzada pola comparación coa media da USC, que situouse no curso 2016-2017 en 59,93 (2501097_MedUSC_2016-2017). O mesmo cabe dicir da media de alumnos por grupo de docencia interactiva (IN32G-PS-01). A situación do curso 2016-2017 mostra un lixeiro descenso con respecto ó curso anterior, ó pasar da media de 30,63 alumnos do curso 2015-2016 os 30,24 do curso 2016-2017. Trátase dun indicador con tendencia a mellorar dende o curso 2013-2014, resultado da boa práctica de contar con grupos de centro. Aínda así, a comparación coa media da USC revela que os grupos do grao de Historia (30,24 alumnos) siguen estando por encima da media da USC (22,62), o que reflicte a súa condición de grao cunha importante matrícula (2501097_MedUSC_2016-2017).

O título de Historia no conta cun curso de adaptación, pero os seus alumnos sí participan en programas de mobilidade. A evolución da porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados é estable, con lixeiras fluctuacións duns anos a outros. No curso 2016-2017 situouse en 3,48, marcando un lixeiro descenso respecto o curso anterior, cando foi de 3,83, pero aumentando en relación ó curso 2014-2015, cando estivo en 3,14. Esta orientación parece mais resultado da propia evolución dos programas (política de becas, requisitos de esixencia de idiomas nos destinos), que da evolución do título (IN17G-PC-08). O mesmo cabe dicir da porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade, un indicador que baixa dende ó curso 2012-2013, cando chegou a ser do 11,53% e que no curso 2016-2017 situouse no 2,17%. (Indicador IN18G-PC-08). Ó marxe das problemáticas xerais e do contexto de crise económica, a tendencia parece indicar a conveniencia de que a Vicerrectoría correspondente impulse melloras nos programas de mobilidade.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.

- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O grao dispón dun procedemento de coordinación da actividade docente que ten por principal obxectivo garantir a coordinación horizontal e a vertical entre as distintas asignaturas e profesores da titulación. Para facilitar a coordinación horizontal, todas as asignaturas con máis dun profesor asignado contan cun coordinador de asignatura, nomeado polo Consello de Departamento. A súas funcións son garantir a homoxeneidade dos contidos, sistemas de avaliación e das actividades docentes. Tamén debe verificar o grao de cumprimento da programación docente da asignatura e informar ó coordinador do curso o do título, según sexa o caso, dos resultados acadados. A coordinación horizontal complétase con coordinadores de curso, que son nomeados polo Decano a proposta da Comisión do Título. Son os encargados de coordinar a actividade docente entre os distintos profesores dun mesmo curso. Realizan o seguimento da implantación da programación das materias do seu curso, informando do desenvolvemento do proceso á Comisión de Título.

A coordinación vertical se garante mediante a Comisión Permanente, que recolle as competencias da antiga Comisión do título de Grao, encargada de supervisar que a programación impartida corresponda ó plan de estudos vixente, comprobando que non existan baleiros e duplicidades. Ademais, o grao conta cun coordinador do título, nomeado polo Decano previo acordo do Consello de Departamento. É o responsable de supervisar as actividades xerais de coordinación e dar conta das mesmas mediante a elaboración do correspondente informe.

As labores de coordinación se ven facilitadas pola activación das correspondentes aulas virtuais, que axilizan as tarefas de coordinación entre os docentes e os coordinadores dos cursos respectivos, e entre estes e o coordinador do grao.

Fonte: http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/xehistoria/descargas/sgic/coordinacion_actividad_docente.pdf

O título non se imparte en varios centros nin conta con varias modalidades. Pola contra, sí prevé a realización de prácticas externas, que dispoñen de varios mecanismos de coordinación. Así, existe un coordinador das PAE por titulación, que é un dos profesores con docencia nas materias implicadas. Entre as súas funcións figura a de coordinar, en colaboración co conxunto da Comisión de Prácticas Académicas Externas, a asignación ao alumnado das prazas nas institucións colaboradoras. Tamén se encarga de distribuír ó alumnado entre o profesorado con docencia na materia, atendendo á carga docente e ao perfil do profesorado. Finalmente, debe organizar, de acordo co conxunto do profesorado, as PAE e as distintas actividades recollidas no programa.

Fonte: <http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xehistoria/descargas/Regulamento-de-Practicas-Externas.pdf>

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Aínda que non se esixe ningunha formación previa específica, para o ingreso no grao en Historia, recoméndase que a formación do alumno sexa de perfil humanístico.

Fonte: <http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/titulacions.html?plan=12651&estudio=12652&codEstudio=12253&valor=9>

Esta orientación móstrase acorde co feito de que o 99% dos alumnos matriculados no curso 2016-2017 procedan do Bacharelato e o 89% o sexan en primeira opción. Dado que a estadística da CIUG non inclúe datos desagregados por tipo de bacharelato, non se poden facer maiores precisións ó respecto (250197_INF.CIUG_2016-2017). En todo caso, o feito de que a nota media de acceso por preinscripción se incrementara nos últimos anos (8,12 no curso 2013-2014; 8,78 no curso 2015-2016 e 9,06 no curso 2016-2017) ratifica a idoneidade do alumnado matriculado e explica que o grao de Historia non conte con complementos de formación (indicador IN06G-PC-05).

Ó marxe das súas particularidades, o grao de Historia participa da política xeral de acceso á Universidade dunha serie de colectivos previamente definidos: ademais dos alumnos que realizan as PAAU, alumnos procedentes de FP 2/ Módulos Profesionais/Ciclos formativos de Grao Superior, Titulados Universitarios, Maiores de 25 anos, Maiores de 40 anos, persoas con discapacidade e deportistas de alto nivel (<http://www.usc.es/gl/servizos/oiu/dispra.html>).

En definitiva, os criterios de admisión considéranse adecuados e eficaces para garantir a idoneidade do alumnado.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O grao de Historia aplica a normativa de permanencia xeral da Universidade, que regula os tipos de matrícula, o réxime de permanencia e de convocatorias. Fonte: <http://www.usc.es/gl/normativa/estudantes/index.html>.

O meso cabe dicir da normativa de avaliación do rendimento académico e de revisión das cualificacións. É de aplicación a normativa xeral da Universidade, que regula a avaliación ordinaria, o procedemento de avaliación, e os de revisión e reclamación das cualificacións. Neste último caso o decano do centro é o responsable de nomear as correspondentes comisións de reclamacións, que resolven atendendo ás alegacións e partindo dos materiais proporcionados polos profesores da asignatura correspondente. Fonte: <http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/normativa/descargas/resavarenacaestrevcu11.pdf>.

A aplicación desta normativa ofrece bos resultados, tendo en conta que o grao de Historia presenta unha taxa de éxito de 88,66 no curso 2016/2017, que está por encima da media da Universidade (IN35G-S01-PM-01). O mesmo cabe dicir da taxa de graduación, que en Historia é de 62,14 no curso 2016/2017, fronte a media da USC de 56,83 (IN37G-S01-PM-01). Tamén as taxas de abandono dos estudos son moito menores no grao de Historia que no conxunto da Universidade: a taxa de abandono xeral é do 12,62 en Historia e do 22,56 na USC (IN41G-S01-PM-01). Pola súa banda, a taxa de abandono durante o primeiro curso é do 10,38 no grao de Historia e do 14,48 na media da USC (IN40G-S01-PM-01).

O título si dispón dalgúns normativas propias. A normativa dos Traballos fin de grao de Historia define os contidos dos TFG, atribúe á Comisión de Calidade do centro as competencias para establecer os procedementos de elaboración dos TFG e a súa valoración. Polo que se refire ó réxime de matrícula sinala que para poder formalizar matrícula o alumnado poderá ter pendentes como máximo 75 créditos para completar os estudos. Para a presentación será requisito necesario ter superados todos os demais créditos do grao, isto é, alomenos 234 ECTS.

Fonte : <http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xehistoria/descargas/Regulamentotro-TFG-Grao-en-Historia.pdf>

A aplicación desta normativa ofrece uns resultados moi positivos:

No curso 2016-2017 matriculáronse 106 traballos e presentáronse 70 (66%). Os aprobados foron o 100%, cunha nota maior a 8 no 78% dos casos (55 traballos) e igual ou menor a 6 no 4% dos casos (3 traballos).

<http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xehistoria/descargas/Resultados-2016-17.pdf>

A situación foi moi similar en cursos anteriores:

No curso 2015-2016 matriculáronse un total de 110 traballos fin de grao e presentáronse 82 (74%). O resultado foi de 82 traballos aprobados (100%), e deles 58 acadaron unha nota igual ou maior a 8 puntos (71%), e 10 acadaron unha cualificación igual ou menor a 6 puntos (12%).

<http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xehistoria/descargas/Resultados-2015-16.pdf>

No curso 2013-2014 os resultados foron os seguintes: 105 traballos matriculados e 81 presentados (77,14%), Os aprobados foron 81 (100%), e deles 48 tiveron unha cualificación igual ou maior que 8 (59,25%), e 8 tiveron unha nota igual ou menor que 6 (9,85%)

http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xehistoria/descargas/Resultados_2013_14.pdf

No curso 2012-2013 os resultados foron: matriculados 45; presentados 41 (91%), aprobados foron 41 (100%), Cualificación igual ou maior que 8 foron 27 (66%), e igual ou menor que 6 foron 2 (4,8%).

http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xehistoria/descargas/Resultados_TFG_2012-13.pdf

A comparativa mostra unha evolución positiva, aumentando progresivamente o número de traballos matriculados, o número de aprobados e dos que tiveron unha cualificación igual ou maior a 8 puntos. No curso 2016/2017 a pequena redución do número de traballos presentados con respecto ó curso anterior compensouse sobradamente coas cualificacións acadadas, que foron as mellores da serie histórica, evidenciando a mellora na calidade dos TFM defendidos.

Tamén as prácticas externas contan cun regulamente propio. O regulamente das PAE dos graos da Facultade de Historia fixan os obxectivos das mesmas, a xestión das PAE a través da correspondente Comisión, os dereitos e deberes dos titores académicos, dos titores das institucións e dos alumnos. Na titulación de Historia as PAE desenvólvense no segundo cuatrimestre do último curso e supoñen un total de 6 créditos optativos ECTS. O regulamente tamén fixa os criterios de distribución do alumnado e regula os informes de seguimento das PAE por parte do titor das institucións e a memoria final das prácticas elaborada polo alumno.

<http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xehistoria/descargas/Regulamento-de-Practicas-Externas.pdf>

Os resultados das PAE do grao de Historia poden considerarse en xeral positivos. Así, a porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións (IN22G-PC-09) mostra unha evolución ascendente dende o curso 2012-2013 ata acadar o nivel máximo en 2014-2015 (79,10%). A partir dese curso foi experimentando unha desaceleración, pasando do 75,61% do curso 2015-2016 ó 65,71% de 2016-2017. Unha evolución que parece froito dunha tendencia xeral, máis que de problemas do propio programas. Polo menos, así o revelan as enquisas de satisfacción dos titores profesionais e do alumnado, moi positivas en todos os seus parámetros.

Resultados do curso 2015-2016:

Enquisas aos titores profesionais: aspectos formais e normas básicas (97,2%), competencia do alumnado (95,4%), coñecementos do alumnado (83,2%), actitudes do alumnado (93,7%) e avaliación do programa (97,4%).

Enquisas ao alumnado:

-avaliación do programa: 83,6%, avaliación da titoría profesional: 94,6% e avaliación da titoría académica: 95,2%

http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xehistoria/descargas/Resultados_curso_2015_16.pdf

Curso 2014-2015:

Enquisas a titores profesionais:

-aspectos formais e normas básicas: 99,3%; competencia do alumno (97,9%); coñecementos do alumno (81,5%), actitudes do alumno (97,5%) e avaliación do programa (100%)

http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xehistoria/descargas/Resultados_programas_Grao_en_Historia.pdf

Curso 2013-2014:

Enquisa ao alumnado: organización das PAE- 4,11 (sobre 5); satisfacción xeral coas PAE: 4,35; empregador: 4,66; titor: 4, 75.

http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xehistoria/descargas/Resultados_PAE-Graos_13-14.pdf

Curso 2012-2013:

Enquisa os titores externos sobre o alumnado: coñecementos teórico-prácticos e competencias xerais do alumnado: 4,25 (sobre 5); coñecementos teórico-prácticos específicos do alumnado: 3,62 (sobre 5); Enquisa de satisfacción do alumnado: organización das PAE: 3,73 (sobre 5), satisfacción xeral coas PAE: 4,08, empregador: 4,75 e titor: 4,70.

http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xehistoria/descargas/Resultados_2012-13.pdf

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Facultade conta cunha páxina web na que se recollen todos aqueles aspectos relevantes da titulación do Grao de Historia, co fin de fomentar o coñecemento e a difusión necesaria para aquelas persoas interesadas na mesma, tanto o colectivo de estudantes xa integrados na titulación, como os posibles futuros estudantes. Nela figura información detallada da titulación (información, obxectivos, competencias, programacións, horarios, criterios de calidade). Tamén aparece toda aquela información que lle vale ó estudante para acadar un coñecemento adecuado sobre o seu proceso de formación, mentras se atope vinculado á USC. Este tipo de información dispégase nun cadre de novidades e outro de convocatorias. Fonte: <http://www.usc.es/ql/centros/xehistoria/index.html>

A información que figura na web da Facultade ten especial significación para os alumnos de cuarto curso, ano no que se

poder realizar con carácter optativo as Prácticas Académicas Externas. A información céntrase tamén en programas diseñados expresamente para a captación de alumnos, como é o programa “A ponte entre o ensino medio e a USC”. <http://www.usc.es/es/perfis/futuros/aponte/>. Trátase dun programa de información por medio de charlas de profesores dirixidas expresamente a estudantes nos seus centros de ensino. Ó abeiro do programa tamén e posible obter unha atención personalizada, previa a solicitude do centro para participar nesta campaña de difusión. Fonte : <http://www.usc.es/es/perfis/futuros/aponte/visitasusc.html>. Esta información acompáñase dunha presentación multimedia, completada con aquela que ofrece a propia Universidade a través do mantemento actualizado da súa páxina web. Nela aparece unha completa información sobre o procedemento de matrícula, que para maior difusión está colgada tamén na web do centro.

Unha vez que os alumnos xa están matriculados, os estudantes contan tamén, dentro do Programa A Ponte, coa figura de alumnos titores, estudantes veteranos da titulación que facilitan a orientación aos novos alumnos e o seu proceso de integración na propia Universidade. A esta información tamén accede ó alumnado a través da propia web. <http://www.usc.es/es/perfis/futuros/aponte/cursosotitores.html>

Outra forma de difusión é a que se fai no momento en que os estudantes xa se atopan na titulación, e que se pode consultar na web do centro.

http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/xeo/historia/descargas/sgic/tutoria_orientacion_estudiante.pdf

Ademáis, para os alumnos de primeiro, na semana inicial do curso e tal e como figura no seu horario oficial, faise unha sesión informativa dos responsables da titulación, na que explican os requisitos mínimos para a superación da carreira, as infraestructuras que poderán utilizar e o funcionamento do centro.

Do mesmo xeito, para os alumnos de último curso, a Facultade organiza unha serie de xornadas de orientación profesional, cúa información tamén publícase na web do centro.

http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeo/historia/descargas/Xornadas_Profesionais_2015.pdf

Para afondar na política de información e transparencia, de cara ao alumnado e a todos os grupos de interese da titulación, na web do centro infórmase dos acordos adoptados pola Comisión Permanente

<http://www.usc.es/gl/centros/xeo/historia/acordoscomision.html>

Tamén dos acordos adoptados pola Xunta da Facultade:

<http://www.usc.es/gl/centros/xeo/historia/acordosxunta.html>

O resultado deste esforzo refléxase na satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible (IN23G-PC-12). É un indicador que experimentou unha mellora importante en 2016-2017 (valor 3) con respecto ó ano anterior (2,45). Correxíuse así e por primeira vez a tendencia negativa que se viña arrastrando dende o curso 2013-2014.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detecta debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso 2010-11 o SGIC da Facultade de Xeografía e Historia foi presentado á súa verificación pola ACSUG. Devandita verificación respondía ao compromiso adquirido na Memoria de Verificación do Título para poder desenvolver un manual transparente e accesible a todos sobre o proceso de análise, medición e mellora das prácticas docentes dos títulos.

Devandito sistema de garantía de calidade deu lugar á correspondente Comisión de Calidade do Centro que, integrada polos responsables do centro, os directores de departamento e os coordinadores dos títulos, así como os alumnos (Fonte.-

http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xehistoria/descargas/Comisixns_delegadas_marzo_2015.pdf) xunto coa Xunta de Facultade, cujos acordos (Fonte.- <http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/acordosxunta.html>) o mesmo que os da Comisión permanente son públicos (Fonte.- <http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/acordoscomision.html>) asume a responsabilidade sobre os procedementos e sistemas desenvolvidos en todos e cada un dos títulos que se imparten na Facultade.

Trátase en esencia dun documento donde se recollen os procedementos a seguir e contribúe a transparencia ao tempo que garante a calidade das ensinanzas, garantías incrementadas coa aprobación polos membros da Comisión Externa da titulación, que xa está proposta e será nomeada en este curso, no que terá as súas primeiras xuntanzas.

A valoración do título por parte da axencia evaluadora foi positiva, aínda que propuxo melloras que fóronse introducindo no procedemento, polo que o SIG da Facultade permite que todos os procedementos de xestión do centro, tanto de face ao estudiantado como aos profesores e o persoal de administración e servizos, sexa transparente e público.

Do mesmo xeito a calidade da docencia reflictese na evolución positiva de satisfacción do alumnado, no que neste curso conseguíuse invertir á tendencia a baixa que se estaba a experimentar e evolucionar de xeito positivo (Datos.- Satisfacción do alumnado coa docencia recibida.- Curso 2011-2012.- 3.81; Curso 2012-13.- 3.78. Curso 2013-14.- 3.73; Curso 2014-15.- 3.85; Curso 2015-16.- 3.89; Curso 2016-17.- 3.97; Fonte.- IN46G-S01-PM-01), tendencia que non se resolve de igual xeito, en canto ao porcentaxe de resposta dos alumnos as enquisas, aínda que neste último curso parece que tende hacia unha certa recuperación, aínda que todavía atópase lonxe de cifras acadadas (Datos.- Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida.- Curso 2011-2012.- 38.62; Curso 2012-13.- 45.45; Curso 2013-14.- 36.43; Curso 2014-15.- 36.32; Curso 2015-16.- 34.32; Curso 2016-17.- 34.73; Fonte.- IN48G-PM-02), e no persoal docente, no que presenta a mesma tendencia á baixa (Datos.- Satisfacción do profesorado coa docencia impartida.- Curso 2013-14.- 3.87; Curso 2014-15.- 3.71; curso 2015-16.- 3.7; Curso 2016-17.- 3.66; Fonte IN47G-S01-PM-01), polo que se cree de debe de seguir difundindo dende a facultade a necesidade de que os alumnos participen de xeito activo na mesma o mesmo que desenvolver diferentes medios para mellorar o grao de satisfacción dos docentes coa materia impartida.

Do mesmo xeito, a evolución da tendencia en sentido negativo está presente na satisfacción dos estudantes cos

programas de mobilidade (Datos.- Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade.- Curso 2013-14.- 4.1; Curso 2014-15.- 3.61. Curso 2015-16.- s/d; Curso 2016-17. 3.16; Fonte IN15G-PC-08), o que pode ser explicado por unha redución do número de bolsas concedidas e, en consecuencia a menor participación dos alumnos nos programas de mobilidade. Unha tendencia que se inverte positivamente na satisfacción dos egresados cos servizos, na que existe un equilibrio nos resultados, o que fai deste dato, un elemento a ter en conta para cursos venideros (Datos.- Grao de satisfacción dos egresados cos servizos. Curso 2012-13.-3.55; Curso 2014-15.- 3.33; Curso 2015-16.- 3.69; Curso 2016-17.- 4.11. Fonte. IN33G-PS-03).

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A valoración sobre a aplicación do SGIC é positiva, xa que este é o procedemento que permitiu melloras nos sistemas de análise e de valoración dos datos, así como o seguimento que se pode realizar das diferentes medidas adoptadas para unha mellora efectiva da titulación, así como dos diferentes procedementos e actores que en participan activamente nela.

3.3.- O SGC implantado revisase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A cultura de calidade atopase presente no centro no que se imparte o título de Historia, así como nos diferentes centros relacionados coa a súa docencia, tal e como se evidencia na creación do Comité Externo da Facultade de Xeografía e Historia.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Tráballo Fin de Grao ou Tráballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O profesorado do grao de Historia conta cun alto nivel de cualificación. Así, a porcentaxe do PDI con sexenios sobre o PDI total rexistra unha evolución positiva dende o curso 2011-2012 (79,55) ata o curso 2016-2017, cando se situou no 89,80%. O máximo da serie histórica alcanzouse no curso 2015-2016 (93,75%). O lixeiro descenso do último ano sería efecto das xubilacións do profesorado rexistradas no mesmo. Aínda así, a porcentaxe de PDI con sexenios da titulación de Historia sitúase por encima da media da USC (Historia, 89,90/USC, 82,34) (IN24G-PS-1).

Tamén é moi positiva a porcentaxe do PDI doctor sobre o PDI total, que no grao de Historia é do 100%, un indicador que se mantén así dende o curso 2012-2013 (IN25G-PS-01). Trátase dunha porcentaxe moi superior á media da USC, que é do 86,43% no curso 2016-2017.

O profesorado da titulación, ademais de cualificado, é maioritariamente funcionario ou dispón de contratos estables. De feito, a porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total sitúase por encima do 79% dende o curso 2011-2012. No último ano (2016-2017) acadou unha porcentaxe do 79,59%, marcando un lixeiro descenso con respecto ó curso anterior, cando estaba no 82%. Esta incidencia tamén pode considerarse resultado das xubilacións, se ben hai que ter en conta que a situación do grao de Historia segue sendo moi favorable en comparación coa media da USC, que está no 64,75% (IN26G-PS-01).

Pese a estabilidade do profesorado, parte do mesmo móstrase moi activo na procura da mellora da súa capacitación, participando en plans de formación (14,29% dos profesores no curso 2011/2012; 14,10% no curso 2012/2013; 17,95% no curso 2013/2014; 15,07% no curso 2014/2015; 18,77% no curso 2015/2016 e o 12,99% no curso 2016/2017). Aínda que no último curso a porcentaxe de profesorado participante experimentou un claro descenso, non sería tanto polo desinterés do mesmo como pola propia configuración dos programas de formación, reiterativos nos seus contidos e limitados no seu número de prazas.

Ó marxe desta cuestión, o profesorado é suficiente para atender ó estudantado. Aínda así, a ratio de estudantes por profesor a tempo completo experimentou unha tendencia crecente dende o ano 2011-2012 e un forte aumento no último ano (pasouse de 8,26 alumnos do curso 2014-2015 a 9,40 alumnos no curso 2015-2016). Esa tendencia reflexa o impacto da crise e da tasa de reposición, circunstancias alleas á propia realidade do título (IN30G-PS-01).

Pola contra, a media de alumnos por grupo de teoría (IN31G-PS-01) estase reducindo nos últimos cursos, despois do gran incremento rexistrado no curso 2014-15 (pasouse de 56,30 alumnos do ano 2013-14 a 64,44 no curso 2014-2015. No curso pasado estivo en 57,60 alumnos fronte ós 60,20 do curso 2015-2016.

A media de alumnos por grupo de docencia interactiva tamén rexistra unha evolución positiva dende o curso 2013-

2014. A partir dese momento o número de alumnos foi baixando paulatinamente, como resultado da introducción de grupos de centro. No curso 2016/2017 situouse en 30,24, lixeiramente por debaixo dos 30,63 alumnos do curso 2015-2016 (IN32G-PS-01).

Estas cifras complétanse coas derivadas das enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida e do profesorado coa docencia impartida. A primeira amosa unha tendencia positiva e estable dende o curso 2011-2012, situándose en todos os cursos por encima de 3,70. Así ocorreu no último curso, 2016-2017, cando alcanzou o 3,85. (IN46G-S01-PM-01). Tamén mantívose estable a satisfacción do profesorado coa docencia impartida, aínda que neste caso rexístrase unha evolución positiva dende o curso 2014-2015 (3,35), e 2015-2016 (3,65) ata o curso 2016-2017, cando foi do 3,66 (IN47G-S01-PM-01).

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exigido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O persoal de apoio que participa no título é suficiente para atender as necesidades do mesmo. Esta composto tal e como figura na web do centro por doce membros entre os que recaen as función de apoio e de xestión administrativa do centro (persoal de servizo 5; persoal de decanato.- 2; persoal de administración nos departamentos.- 3; persoal de xestión económica.- 3) , complementándose este persoal co que desenrola a súa actividade na Biblioteca da Facultade, no que realizan a súa labor tanto persoal técnico como auxiliar (10 membros) (Fonte.- <http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/pas.html>.)

Este persoal conta, ao igual que no caso do PDI cun programa de formación propia (fonte.- USC: http://www.usc.es/gl/servizos/pla_pas/formacion/), no que participa de forma activa: a participación do Pas do centro en foi do 64% no curso 2014/2015; 52% no curso 2015/2016 ou 44,44% no curso 2016/2017. Esta é a mellor proba da súa alta formación e experiencia. Outra proba neste sentido é a satisfacción dos egresados con servizos ofertados, indicador que experimenta una tendencia ao ascenso (Datos.- Grao de satisfacción dos egresados cos servizos.- Curso 2009-2010.-s/d; Curso 2010-2011.- s/d; Curso 2011-2012.- s/d; Curso 2012-13.- 3.55; Curso 2013-14.- s/d; Curso 2014-15.- 3.5; Curso 2015-16.- 3.25; Curso 2016-17.- 4.11. Fonte IN33G-PS-03).

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríentano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Nestes momentos a Facultade dispón de todos os recursos materiais e servizos necesarios para a impartición do título; non obstante, hai que sinalar que sempre é preciso mellorar as condicións existentes para actualizar constantemente o sistema de ensino. É esta a razón que leva a intentar aumentar os espazos de traballo comunitario e de titorías en grupos reducidos, para adecuar a estas funcións ás aulas cuxas dimensións non se axustan a estas necesidades.

Igualmente debe de terse en conta que nunha facultade instalada nun edificio histórico as tarefas céntranse na actualización das infraestruturas de xeito gradual pero continuo, en función da urxencia das actuacións, para levar a cabo o mantemento da construción mentras non se produza a deseada rehabilitación integral do inmoble. Neste momento estase a desenvolver o plan director do inmoble

O feito de que se trate dun edificio histórico, supón un problema para a accesibilidade de persoas con dificultades especiais; non obstante o edificio conta con dúas entradas, unha delas ao nivel da rúa, o que facilita a accesibilidade. Así mesmo conta cun ascensor que comunica as plantas principais da facultade e permite salvar os espazos non adaptados para estas necesidades especiais.

O edificio conta cun total de 19 aulas e 8 seminarios (<http://www.usc.es/gl/centros/xeoehistoria/infraestruturas.html>). Todos eles están dotados de sistemas de videoconferencia multipunto, ordenador e cañóns de proxección múltiple, proxección dixital, conexión a internet e conexión wifi. Así mesmo cóntase cun laboratorio, un aula de Cartografía,

dúas aulas de informática (57 postos), un laboratorio técnico de prehistoria, un aula do Master de contemporánea. Así mesmo a biblioteca do centro dispón dunha dotación de fondos ampla (Datos.- Recursos bibliográficos e de infraestrutura bibliotecaria (1), Curso 2009-2010: 114.990 monografías e 2.477 publicacións periódicas; Curso 2010-2011: 121.822 monografías e 2.606 publicacións periódicas; Curso 2011-2012: 124.113 monografías e 2.844 publicacións periódicas; Curso 2012-2013: 125.959 monografías e 2.732 publicacións periódicas; Curso 2013-14: 129.344 monografías e 2.780 publicacións periódicas; Curso 2014-15: 132.974 monografías e 3.076 publicacións periódicas; Curso 2015-16: 131.824 monografías e 3.227 publicacións periódicas. Fonte.- Informe Biblioteca da Facultade).

De igual xeito que coas infraestructuras presentes na facultade, outro aspecto a ter en conta son os servicios que se ofertan aos estudantes para a realización das Prácticas académicas externas -PAE-, nos que a titulación conta cun número significativo de convenios, mais de coarenta, con outras tantas institucións relevantes da Comunidade galega, (Fonte.- <http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xehistoria/descargas/Convenios-Practicas-Externas-2017-18.pdf>).

Igualmente pódese mencionar tamén o feito de que dentro dos servicios da Facultade, esta o de ofertar Xornadas de orientación profesional, para os alumnos dos últimos anos da titulación (http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xehistoria/descargas/Xornadas_Profesionais_2014.pdf)

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados de aprendizaxe poden considerarse positivos, atendendo ós seguintes indicadores:

Unha taxa de rendemento que rexistra lixeiras fluctuacións dende o curso 2011-2012 e se mantivo sempre por encima do 78%(IN34G-S01-PM-01). No último curso (2016-2017) experimentou un pequeno descenso con respecto ó curso 2015-2016, por canto pasou do 80,84% ó 78,28%. Con todo, sigue sendo unha taxa axustada a media da USC, que foi do 78,31.

A taxa de éxito mostra unha situación bastante similar á anterior. A tendencia é a estabilidade dende o curso 2011-2012, situándose sempre por encima do 88%. No curso 2016-2017 estivo no 88,66%, fronte ó 89,20% do curso anterior, unha pequena variación que mantén a vantaxe do grao de Historia sobre a media da USC (media 87,35/Historia 88,66) (IN35G-S01-PM-01).

Finalmente, a taxa de avaliación corrobora a imaxe anterior, por canto dende 2011-2012 foi sempre superior ó 88%. No curso 2016-2017 estivo no 88,29%, o que supón unha lixeira variación a baixa con respecto ó curso 2015-2016, cando fora do 90,63% (IN36G-S01-PM-01).

Pola contra, a taxa de idoneidade na graduación mellorou no curso obxecto do informe con respecto ó ano anterior, ó pasar do 42,16 de 2015/2016 ó 45,63 do curso 2016/2017 (IN51G-S01-PM-01).

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os indicadores de demanda son positivos, destacando entre eles a evolución xeral da matrícula, que pasou dos 320 alumnos do curso 2011-2012 ós 460 do curso 2016-2017. Nos últimos catro cursos o grao tivo niveis de matrícula superiores ós 430 alumnos, con lixeiras variacións duns anos a outros (Indicador INO2G-05).

Na matrícula de novo ingreso por preinscripción o título sigue rexistrando niveis positivos, aínda que neste curso asistíuse a unha lixeira desaceleración (dos 106 alumnos de 2015-2016 pasouse aos 103 de 2016) Indicador INO4G-PC-05. A razón sería o incremento da nota de corte. Así, a nota media de acceso por preinscripción, en 2013-2014 estaba en 8,12, en 2014-15 en 8,31, en 2015-16 en 8,78 e actualmente sitúase no 9,06. Isto indica que o grao de Historia segue sendo unha carreira atractiva para o alumnado (IN06G-PC-05). Esa tendencia está reforzada pola porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a 6: en 2013-2014 era o 87%, en 2014-2015 do 98,15%, en 2015-2016 do 100% e no curso actual mantense no 100% (IN07G-PC-05).

Tamén os indicadores de resultados son positivos. Así, a taxa de graduación situouse no curso 2016-2017 no 62,14%. Isto supón unha melloría con respecto ó curso 2015-2016, cando era do 58,82%. Tamén é unha situación mellor que a da media USC no curso 2016/2017: media 56,83, fronte ó 62,14 de Historia (IN37G-S01-PM-01).

Pola contra, a duración media dos estudos ascendeu lixeiramente con respecto ó curso anterior: en 2015-2016 estaba en 4,46 anos e no curso 2016-2017 situouse en 4,55 anos. Con todo, é unha duración menor á do conxunto da USC, que foi de 4,97 anos en 2016-2017 (N38G-S01-PM-01).

Mentras tanto, a eficiencia dos titulados rexistra unha tendencia a baixa dende o curso 2012-2013. Así, pasamos dunha porcentaxe do 95,38% do curso 2013-2014 a unha porcentaxe do 92,15% no ano 2013-2014. Unha tendencia que reflicta o aumento do número de repetidores (IN39G-S01-PM-01). Con todo, a taxa de abandono durante o primeiro curso mostra unha tendencia estable, aínda que rexistrouse unha lixeira subida este curso con respecto ó anterior: pasouse do 8,82% do curso 2015-2016 ó 10,38% do curso 2016-2017. Unha porcentaxe que segue sendo mellor ca media da USC, que está no 14,48% (IN40G-S01-PM-01).

A situación aínda é mais positiva na taxa de abandono RD 1393/2007. Este indicador mellora moito con respecto ó curso anterior: no curso 2016-2017 foi do 12,62%, mentras no curso 2015-2016 fora do 20,59% e no anterior do 19,47%. Reflicta a melloría do alumnado, en parte consecuencia do incremento da nota de corte, e marca unha clara diferenza ca media da USC, que situouse 12 puntos por encima da porcentaxe de Historia no curso 2016-2017: media, 22,56/ Historia, 12,62 (IN41G-S01-PM-01).

Por iso non sorprende que a taxa de éxito dos egresados rexistre unha situación en xeral estable, cunha lixeira baixada no último ano: pasouse do 94,82% de 2015-2016 ó 93,18% de 2016-2017 (IN50G-S01-PM-01). Pola contra, mellora a taxa de idoneidade na graduación: no curso 2016-2017 situouse no 45,63% fronte ó 42,16% do curso anterior (IN51G-S01-PM-01).

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso

formativo, mobilidade, etc.

- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os índices de satisfacción dos diversos grupos de interese do grao de Historia son en conxunto positivos. Así, o grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación está dende 2012-2013 por encima do 3, cun lixeiro descenso no curso 2016-2017 (3,07) con respecto ó curso 2015-2016 (3,18) (IN42G-S01-PM-01).

A satisfacción do alumnado coa docencia recibida tamén amosa unha imaxe de estabilidade, estando sempre por encima de 3,7. No último curso asstiuse a unha lixeira baixada con respecto ó ano anterior: pasouse do 3,96 ó 3,85, un pequeno descenso posiblemente vinculado ó feito de que a porcentaxe de alumnos que responderon as esquisas baixou moito (IN46G-S01-PM-01). En concreto, a taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida pasou do 36,45% do ano 2015-2016 ó 29,76% do curso 2016-2017 (IN48G-PM-02).

A satisfacción do profesorado coa docencia impartida situose por encima do 3,5 dende o curso 2013-2014. No último curso estivo no 3,66, mellorando unha décima con respecto ó curso anterior (IN47G-S01-PM-01).

Os programas de mobilidade, pola súa banda, mostran un grao de satisfacción dos estudantes saíntes por encima do 3,5. Aínda que a tendencia é bastante estable no curso 2016-2017 rexistrouse un pequeno descenso con respecto ó anterior, pasando do 3,68 ó 3,59. IN15G-PC-08. Pola contra, mellorou a satisfacción dos estudantes coas prácticas externas, pasando dunha media de 4,29 no ano 2015-2016 á 4,39 no curso 2016-2017 (IN19G-PC-09).

A satisfacción dos egresados cos servizos tamén mellorou o último curso, chegando ó 3,34 fronte o 3,21 do curso anterior (IN33G-PS-03).

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados de inserción laboral disponibles corresponde a cohorte de egresados 2013-2014. Estes datos revelan unha data de afiliación a Seguridade Social moi baixa no primeiro ano despois de egresar (5%), porcentaxe que ascende ó 18,8% ao segundo ano. Trátase duns malos resultados, que resultan difíciles de valorar aisladamente, sobre todo tendo en conta que coinciden cun momento de crise económica xeral e acusados niveis de paro xuvenil. Esta circunstancia se pon claramente de manifesto nalgunhas cifras concretas: ó ano seguinte da súa saída da titulación, un 25% dos egresados traballan como autónomos, porcentaxe que baixa lixeiramente ós dous anos (20%). Con todo, o máis relevante son as cifras de contratos indefinidos e temporais: o primeiro ano o 100% dos contratados o son con carácter temporal, situación que mellora parcialmente ó ano seguinte, cando a porcentaxe de temporais descende ó 75%. Esta precariedade do emprego acompáñase da baixa calidade do mesmo: os datos revelan que a meirande parte dos egresados realizan traballos por debaixo da súa cualificación (o primeiro ano o 75% dos egresados cotizan no grupo baixo e manual, situación que se mantén en boa medida ó ano seguinte: 60% dos casos) e solo unha terceira parte dos mesmos cotizan como universitarios ós dous anos de saír da Facultade.

Aínda co diagnóstico da situación é claro, semella difícil que a modificación do plan de estudos puidera poñer remedio á situación, que parece máis froito das condicións xerais do mercado de traballo que das particularidades da titulación.

Accións de mellora
Curso 2016-17

<u>ACCÍONS DE MELLORA</u>	
Código	AM-1 (Curso 2016-2017)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
Análise causa	Aseos da primeira planta en situación obsoleta.
Definición/ descripción proposta	Tal como se fixo nos aseos do resto do edificio, é necesario que se faga a renovación dos aseos da primeira planta e a súa adaptación para persoas con discapacidade.
Datas	Finalización: 29/12/2017; Inicio: 03/04/2017
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Non
Responsables	Francisco R. Durán Villa
Comprobación Acción	AM-1
Descrición Comprobación	
Data Comprobación	. 10/01/2017
Incidencias	Non se pudo realizar ningún tipo de obra no edificio mentras no se produza a aprobación e redacción do plan director do inmovible que nestes momentos esta redactándose
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-2 (Curso 2016-2017)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
Análise causa	Mal estado de conservación dos espazos comúns.
Definición/ descrición proposta	Pintura e acondicionamento de espazos comúns.
Datas	Finalización: 03/04/2017; Inicio: 10/01/2017
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Si
Responsables	Francisco R. Durán Villa
Comprobación Acción	AM-2
Descrición Comprobación	Pintáronse e saneáronse pasillos e espazos de escaleiras da facultade
Data Comprobación	10.02.2017
Incidencias	
Axustes/Novas Tarefas	

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	AM-3 (Curso 2016-2017)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
Análise causa	Requisito requerido por el SGIC.
Definición/ descripción proposta	O SIGC contempla a necesidade de elaborar un plan estratéxico para as titulacións do centro. Esta acción de mellora ven derivada dos informes de seguimento do curso 2014-2015.
Datas	Finalización: 30/11/2017; Inicio: 01/02/2017
Estado/Eficacia	Estado: En construción; Eficacia : No
Responsables	Francisco R. Durán Villa
Comprobación Acción	AM-3
Descrición Comprobación	
Data Comprobación	
Incidencias	Esta pendente de realización na segunda metade do ano 2018
Axustes/Novas Tarefas	

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	AM-4 (Curso 2016-2017)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante
Análise causa	Nos primeiros anos de implantación dos graos as comisión tiveron un papel relevante que, co paso do tempo, tendeu a súa desactivación.
Definición/ descrición proposta	Impulsar a reactivación das comisións de grao.
Datas	Finalización: 31/07/2017; Inicio: 30/01/2017
Estado/Eficacia	Estado: En construción; Eficacia : -Si
Responsables	Francisco R. Durán Villa
Comprobación Acción	AM-4
Descrición Comprobación	Reactivouse o funcionamento das comisión mediante á utilización de aulas de coordinación horizontal e vertical nos títulos
Data Comprobación	30.09.2017
Incidencias	
Axustes/Novas Tarefas	

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	AM-5 (Curso 2016-2017)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
Análise causa	Mal estado de conservación do acceso traseiro do edificio.
Definición/ descrición proposta	Esta previsto o acondicionamento do acceso traseiro do edificio, tanto para vehículos de servizo como para persoas, nivelando a superficie.
Datas	Finalización: 31/07/2017; Inicio: 10/01/2017
Estado/Eficacia	Estado: En construción; Eficacia : Si
Responsables	Francisco R. Durán Villa
Comprobación Acción	AM-5
Descrición Comprobación	Nivelouse a superficie por medio do recheo con terra. Unha maior intervención non se pudo materializar xa que o edificio esta pendente do plan director
Data Comprobación	Junio de 2017
Incidencias	
Axustes/Novas Tarefas	

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	AM-6 (Curso 2016-2017)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante
Análise causa	Tense observado a necesidade de que o alumnado dos títulos impartidos no centro teñan unha formación complementaria en sistemas de información e manexo de bases de datos bibliográficas.
Definición/ descrición proposta	Impulsar a participación do alumnado nos cursos que se desenvolven na biblioteca do centro.
Datas	Finalización: 31/07/2017; Inicio: 30/01/2017
Estado/Eficacia	Estado: En construción; Eficacia : --
Responsables	Francisco R. Durán Villa
Comprobación Acción	AM-6
Descrición Comprobación	Realización do seguinte curso: COMPETENCIAS INFORMACIONAIS ARTE (30.01.2017- 05.03.2017) 25 horas (61 asistentes)
Data Comprobación	Marzo 2017
Incidencias	
Axustes/Novas Tarefas	

Accións de mellora Curso 2017/18



Facultade de Xeografía e Historia
 Praza de Universidade, 1
 15702 Santiago de Compostela
 Tfn: 981 812389; Fax: 981 812719
 Correo electrónico: abarba@usc.es

ACCIÓN: AM-1

Sistema de xestión Grao en Historia

Finalización do proceso previsto 10 Setembro 2018

Tipo Acción de mellora

Orixe da acción Informe de Seguimento

Responsable Francisco Ramón Durán Villa

Análise da(s) causa(s) Necesidade de garantir una maior coordinación horizontal entre asignaturas e docentes.

Descrición da proposta Mellorar a coordinación entre os docentes que imparten a mesma asignatura no Grao de Historia e entre os docentes do mesmo curso, con obxecto de evitar reiteracións e solapamentos.

Solución proposta	Responsable	Estado	Data requerida
AM-1.1 - Revisión das programacións docentes	Francisco Ramón Durán Villa	Activa	31/05/2018

En construción



Facultade de Xeografía e Historia
 Praza de Universidade, 1
 15702 Santiago de Compostela
 Tfn: 981 812389; Fax: 981 812719
 Correo electrónico: abarba@usc.es

ACCIÓN: AM-2

Sistema de xestión Grao en Historia

Finalización do proceso previsto

Tipo Acción de mellora

Orixe da acción Informe de Seguimento

Responsable Francisco Ramón Durán Villa

Análise da(s) causa(s) Existencia de actas académicas remitidas fora de prazo

Descrición da proposta Remitir recordatorios ós docentes do Grao de Historia sobre o período de apertura das actas académicas e comprobación da súa remisión en prazo

Solución proposta	Responsable	Estado	Data requerida
AM-2.1 - Verificación do envío de recordatorios dos prazos e a entrega das actas académicas	Francisco Ramón Durán Villa	Activa	10/09/2018

ACCIÓN: AM-3

Sistema de xestión Grao en Historia

Finalización do proceso previsto 10 Setembro 2018

Tipo Acción de mellora

Orixe da acción Informe de Seguimento

Responsable Begoña Fernández Rodríguez

Análise da(s) causa(s) Descoñecemento do proceso de realización dos TFG por parte do alumnado.

Descrición da proposta Realizar una charla informativa sobre os TFG para lograr una mellora dos resultados.

Solución proposta	Responsable	Estado	Data requerida
AM-3.1 - Organizar unha charla para que o alumnado coñeza mellor o proceso de elaboración dos TFG	Begoña Fernández Rodríguez	Activa	14/05/2018

En construción

ACCIÓN: AM-4

Sistema de xestión Grao en Historia

Finalización do proceso previsto 21 Decembro 2018

Tipo Acción de mellora

Orixe da acción Informe de Seguimento

Responsable Francisco Ramón Durán Villa

Análise da(s) causa(s) Necesidade de completar a formación do alumnado do Grao de Historia promovendo actividades formativas e culturais

Descrición da proposta Organización de conferencias polas distintas áreas do Grao para difundir as últimas investigacións e traballos realizados no ámbito da súa especialidade.

Solución proposta	Responsable	Estado	Data requerida
AM-4.1 - Organización de conferencias baixo a fórmula de ciclos de conferencias ou eventos aislados.	Francisco Ramón Durán Villa	Activa	14/09/2018

En construción

<u>LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES</u>			
Criterios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web do Título
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Enlace web ou PDF
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Enlace web ou PDF
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes	2501097_P.Ind_2016-2017

		de novo ingreso por curso académico	2501097_INF.16_2016-2017
			2501097_INF.CiUG_2016-2017
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	--
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2501097_P.Ind_2016-2017
			5075_INF.03_2016-2017
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	Web da USC Web do Centro Web do Título
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Web do Centro
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	Web do Centro

3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Web do Centro
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2501097_P.Ind_2016-2017
			2501097_INF.04_2016-2017
			5075_INF.05_2016-2017
			2501097_INF.06_2016-2017
			2501097_INF.07_2016-2017
			2501097_INF.08_2016-2017
			2501097_INF.09_2016-2017
			2501097_INF.10_2016-2017
			5075_INF.11_2016-2017
			2501097_INF.13_2016-2017
			2501097_INF.14_2016-2017
			5075_INF.21_2016-2017
			2501097_INF.22_2016-2017
2501097_INF.23_2016-2017			
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2501097_P.Ind_2016-2017
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	2501097_E15_2016-2017
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5075_E16_2016-2017
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución,	Autoinforme, Criterio 4

		...)	
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5075_I6-I7_2016-2017
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5075_I6-I7_2016-2017
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	2501097_INF.13_2016-2017
			2501097_INF.14_2016-2017
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5075_I10_2016-2017
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web do Centro
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	Web do Centro
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xehistoria/descargas/Convenios-de-practiclas-externas-2018.pdf
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xehistoria/descargas/asingacion-definitiva-historia.pdf . http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xehistoria/descargas/Asignacion-definitiva-Grao-en-Historia.pdf
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos	PDF

		cursos académicos (título, titor y calificación)	
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	2501097_INF.15_2016-2017
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimientto - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2501097_P.Ind_2016-2017
			2501097_INF.17_2016-2017
			2501097_INF.18_2016-2017
			2501097_INF.19_2016-2017
			5075_SIIU_2016-2017
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2501097_P.Ind_2016-2017
			2501097_INF.CiUG_2016-2017
7	I14	Resultados de inserción laboral	2501097_EIL-SIIU_2016-2017

MODIFICACIÓN DO PLAN DE ESTUDOS	
MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN
Non se produxo modificación algunha	